



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA E CÁRITAS DIOCESANA DE MONDOÑEDO – FERROL PARA A ACREDITACIÓN DA FORMACIÓN IMPARTIDA POR CÁRITAS NO MARCO DO SEU CONVENIO COA FUNDACIÓN ENDESA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria, **DECLARA:**

Que a Consellería de Economía, Emprego e Industria ten previsto formalizar con Cáritas diocesana de Mondoñedo – Ferrol o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 19 de abril do 2017 até o 21 de agosto do 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto articular unha colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e Cáritas Diocesana de Mondoñedo – Ferrol, que recolla as características e condicións que debe reunir a formación impartida a través do itinerario formativo asociado ao certificado de profesionalidade de Operacións auxiliares de montaxe de instalación electrotécnicas e de telecomunicacións en edificios (ELES0208), establecido no Real decreto 683/2011, do 13 de maio, co obxecto da súa acreditación oficial a través da expedición do correspondente Certificado de Profesionalidade.

A formación impartida ao abeiro deste convenio desenvolverá todos os módulos formativos incluídos no certificado de profesionalidade sinalado.



Os medios e materiais didácticos, o cadro docente e os locais onde se impartirá a formación responderán os requirimentos esixidos no Real decreto que regulan o certificado de profesionalidade correspondente ao dito itinerario.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta en que, nos últimos anos, a Comunidade Autónoma de Galicia vén realizando un importante esforzo para poder acreditar aos profesionais, tanto pola vía da formación como a través do procedemento de recoñecemento da experiencia, pero aínda así a demanda por recibir formación acreditable excede considerablemente á oferta da administración autonómica.

Por iso, e co obxecto de incrementar o número de persoas acreditadas, atendendo neste caso especialmente ás persoas con dificultades sociolaborais, principalmente aquelas con dificultades de acceso ao sistema de formación público, considérase necesaria a sinatura deste convenio de colaboración que recolle unha especialidade de nivel 1, que permite acceder á formación a persoas con baixa cualificación que non poden participar en accións formativas que requiran maior titulación.

A formación obxecto do mesmo será financiada por Cáritas a través dun Convenio coa Fundación ENDESA e cumprirá todos os requisitos esixidos polo Real Decreto regulador do certificado de profesionalidade correspondente.

Os alumnos e alumnas que superen con aproveitamento a mesma poderán obter de forma automática un certificado de profesionalidade, o que redundará de forma significativa na súa profesionalidade ao poder acreditar a súa cualificación.

Este convenio non terá contido económico.



Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, 4 de abril do 2017

O director xeral de Orientación e Promoción Laboral

José Alfonso Marnotes González